

OBITUARIO

Isidro Novo

(Escritor 1951/2018)

M. A. Sande

Sobre todo, un poeta

Onte faleceu Isidro Novo, escritor e amigo. Boa persoa e moi apreciado. Nestes últimos anos foi vogal da Asociación de Escritores en Lingua Galega, activo colaborador da sección de Literatura de Tradición Oral participando activamente no proxecto Polafías da AELG, xunto con Antonio Reigosa, por exemplo, tamén escritor e Cronista Oficial de Mondoñedo.

Isidro Novo, autor de numerosas obras de relatos, novelas, ensaios e poemarios, prezábase de ser sobre todo poeta. «Máis ca escritor, quixera ser poeta», tiña comentado máis unha vez. Por iso no titular deste obituario, máis ca por escritor optei por lembralo como poeta, como el quería. Tiña colaborado coa publicación de artigos neste xornal.

Como poeta ten publicado «Esteiro de noites falecidas», «Dende unha nada núa», o pasado ano editou outro poemario, «CO2» e unha novela última, «O tabú na traslenda». É autor a máis de varias novelas, entre elas «Un escuro rumor tralo silencio». Pero era, sobre todo, boa persoa e moi apreciado.

Hoxe, ás 6, no tanatorio das Arieiras, terá lugar un acto poético na súa memoria. Logo o seu corpo será incinerado.